

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 6	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	------------------	-------------------------------

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 6	CENTRO: CURSO: MATERIA:
---	---------------	-------------------------------

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP VICTOR LÓPEZ SEOANE
CURSO: 2º EP
MATERIA:
DEPARTAMENTO:
DATA: 7- 5-2020

ÍNDICE

- 1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
- 2 Avaliación e cualificación.
- 3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
- 4 Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Comprender diferentes textos adaptados á súa idade tanto en lingua galega como castelá.	- Responde a preguntas relativas á comprensión dun texto.
2. Producir textos sinxelos aplicando as regras ortográficas coidando a presentación, tanto en lingua galega como castelá.	- Escribe textos sinxelos ordenadamente respectando as normas gramaticais e ortográficas dadas.
3. Ler, escribir, ordenar números naturais ata o 999 na recta numérica.	- Le, escribe, ordena números naturais ata o 999 na recta numérica.
4. Realizar operacións empregando a suma e a resta con e sen levadas na resolución de problemas sinxelos.	- Realiza cálculos.
	- Resolve problemas sinxelos.
5. Comprender a multiplicación como a suma dun número varias veces.	- Comprende o concepto de multiplicación.
6. Construír e memorizar as táboas de multiplicar do 1 ao 4-	- Resolve operacións básicas empregando a multiplicación.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

1. Avaliación e cualificación

Avaliación	“A avaliación é de carácter continuo e global, diagnóstica e formativa, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este periodo”
	Tras revisar a programación adaptamos a avaliación deste terceiro trimestre con actividades de repaso, reforzo e ampliación do dado para que todos acaden os obxectos mínimos tendo en conta a situación actual.
Cualificación final	Segundo as Instrucións do 27 de abril baseámonos no traballo realizado presencial nas dúas primeiras avaliacións ata o 12 de marzo e nas actividades on line realizadas, sempre favorecendo ao alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	Nesta etapa educativa non se contempla dita proba.
Alumnado de materia pendente	<p>Baseámonos “en conxunto as avaliacións de todo o curso e, valorando especialmente, o grao de das aprendizaxes e das competencias imprescindibles” establecidas nos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe no punto primeiro deste programa.</p> <p>Valorar o esforzo realizado para seguir mantendo hábitos diarios de traballo na realización das actividades propostas, sempre axudando para favorecer ao alumnado “considerándose a repetición de curso unha medida moi excepcional que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas “ se non nas necesidades educativas específicas (tendo en conta as recomendacións do D.O. , a reunión do equipo de traballo 1 co Equipo Directivo o día 23 de abril do 2020, xuntas de avaliación e na información dada ás familias pertinentes nas titorías realizadas ao longo de todo o curso escolar.).</p> <p>Traballo realizado de repaso, reforzo das competencias básicas establecidas nesta etapa educativa.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	De recuperación, repaso, reforzo e ampliación do anterior para afianzar as competencias básicas desta etapa educativa.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Activa, continua, diagnóstica e formativa.
Materiais e recursos	<p>Páxina web do centro coa proposta de actividades , acceso a outras páxinas web de interese,...</p> <p>Libros de texto on line.</p> <p>Actividades específicas enviadas polo DO do centro.</p> <p>Recursos facilitados polas diferentes editoriais vía internet.</p> <p>Realización de fichas e actividades propostas e valoradas polos titores.</p> <p>Comunicacións coas familias a través do correo electrónico, sistema abalar e, nalgúns casos, vía telefónica.</p>

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Páxina web do centro. Correo electrónico corporativo e o facilitado polas familias. Abalar mensaxes a grupos. Abalar mensaxería a grupo.
Publicidade	Toda a información é pública na páxina web do centro.